



MANUAL DE INSTALACIÓN E VISUALIZACIÓN

Lorena Varela Guzmán
Yolanda Varela Guzmán
Licencias por formación 2023-2024



DOCUMENTO DE FUNCIONAMENTO


1. Dende o repositorio ABALAR, as oito unidades de Music Factory terán as seguintes opcións á dereita.

 Visualizar  Descargar


Se prememos en *Visualizar*, poderemos ver toda a unidade e traballar con ela. Se prememos en *Descargar*, a unidade descargárase no noso ordenador mediante un **ficheiro comprimido**. As iconas poden variar dependendo do noso ordenador



Music Factory Unit 1



Teremos que premer nese ficheiro comprimido e buscar na lista de elementos o chamado **index.html**, premer nel e a unidade comezará a funcionar. De novo a aparencia do arquivo pode variar dependendo do navegador ou do noso ordenador.

 index.html

 index

Firefox HTML Document

2. Instalación do arquivo comprimido na aula virtual do centro (MOODLE).

Acceder ao aula virtual empregando nome de usuario e contrasinal. Activar edición na esquina superior dereita.



Activar a edición

Para cargar o ficheiro comprimido hai que seguir estes pasos:


- Prememos en “Engadir unha actividade ou recurso”

[+ Engadir unha actividade ou un recurso](#)

- agregar recurso "ficheiro"




- Arrastrar o subir o ficheiro comprimido ata a zona de contidos.




- Seleccionar o ficheiro desexado e premer en "enviar este ficheiro"



Selector de ficheiros



- Descomprimir.



- Buscar o elemento "index.html" e premer nel para convertelo en ficheiro guía.



- Gardar os cambios e ver.